

**Expediente:** adhesión á marca FEST GALICIA e realización de contratos de patrocinio con entidades privadas para a celebración de festivais de música profesionais no ano 2024

**Procedemento:** CT302A

**Asunto:** resolución de adxudicación

## **ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS**

1 En data 14.05.24 publicouse, no DOG núm. 93, a Resolución do 23.04.2024 da Axencia Galega das Industrias Culturais pola que se aproban as condicións de adhesión á marca Fest Galicia e os requisitos para a realización de contratos de patrocinio con entidades privadas para a celebración de festivais de música profesionais no ano 2024.

Con esta convocatoria preténdese apoiar a aqueles festivais de música organizados por entidades privadas que pola súa singularidade, importancia e relevancia en canto ao público que participe e a súa repercusión nos medios de comunicación, supoñan unha vía para dar publicidade ás marcas Xunta de Galicia, Fest Galicia e Xacobeo.

2 De acordo co disposto na base 11ª desta convocatoria, as entidades privadas organizadoras de festivais de música profesionais que cumpran cos requisitos fixados na base 4ª da convocatoria e resulten seleccionadas, serán adxudicatarias dun contrato privado de patrocinio polo procedemento negociado sen publicidade, de acordo co disposto no art. 168 a), 2º da LCSP, por razóns técnicas ou artísticas que determinan que o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado, de acordo coa documentación xustificativa achegada por cada unha das entidades licitadoras.

3 Con este fin, constituíuse una Comisión técnica e de negociación para a revisión da documentación administrativa e da proposta técnica de todas as entidades licitadoras, para determinar o cumprimento ou non dos requisitos esixidos de acordo co establecido nos pregos que forman parte da convocatoria publicada. Así mesmo, establécese a posibilidade de convidar ás entidades licitadoras para negociar as súas propostas.

4 De acordo coas actas-informes da comisión, unha vez revisada a documentación de cada unha das entidades que presentaron a súa solicitude á convocatoria de referencia (anexo I), aquela comprobou que as solicitudes das entidades indicadas no anexo II desta resolución cumprían cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria para adherirse ás respectivas categorías da marca Fest Galicia e que as súas ofertas técnicas se axustaban ás mesmas, polo que acordouse propoñer a súa admisión e adhesión á marca Fest Galicia.

En relación coa solicitude da entidade indicada no anexo III desta resolución, a comisión acordou propoñer a súa non admisión polo incumprimento dos requisitos xerais da categoría 3 para a adhesión á marca Fest Galicia establecidos no devandito punto 4 das

bases da convocatoria. En concreto, por non cumprir a esixencia da adhesión a unha edición de Fest Galicia.

5 Con data 17.06.2024 foi acordada a acumulación e tramitación conxunta dos expedientes de contratación polo procedemento de negociación sen publicidade que se indican no anexo II desta resolución, tramitados ao abeiro da convocatoria de referencia.

6 Concluída a fase de negociación con cada unha das entidades licitadoras e emitidos pola comisión técnica e de negociación os informes técnicos de valoración das ofertas presentadas, con data 18.06.2024 esta elevou as seguintes propostas ao órgano de contratación:

- a) A admisión das solicitudes indicadas no anexo II desta resolución e a súa adhesión á marca Fest Galicia.
- b) A non admisión da solicitude indicada no anexo III desta resolución.
- c) A adxudicación dos correspondentes contratos de patrocinio ás entidades e coas características que se indican no anexo IV desta resolución.

6 Con data 20.06.2024 acordouse rectificación de erros da proposta de adxudicación.

## **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1 O artigo 17.1 m) do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproban os estatutos da Axencia Galega das Industrias Culturais, establece que o órgano de contratación da Agadic é o Consello Reitor. As competencias en materia de contratación están delegadas no director da Agadic en virtude do Acordo do 24.07.2012 do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic.

2 Así mesmo, a persoa titular da Dirección da Agadic é o órgano competente para dispoñer os créditos e dotacións, os recoñecementos das obrigas e a autorización e ordenación dos pagamentos da Axencia dentro dos límites que lle correspondan, de acordo co disposto co Decreto 150/2012, do 12 de xullo.

3 Este expediente tipifícase como contrato privado de patrocinio e tramítase a través dun procedemento negociado sen publicidade, baseado no artigo 168, letra a), apartado 2º da LCSP.

Por todo o que antecede,



## RESOLVO

- I. A admisión e adhesión á marca Fest Galicia dos festivais que figuran no Anexo II desta resolución.
- II. A non admisión da solicitude que figura no Anexo III desta resolución polo incumprimento dos requisitos xerais da categoría 3 para a adhesión á marca Fest Galicia establecidos no devandito punto 4 das bases da convocatoria. En concreto, por non cumprir a esixencia da adhesión a unha edición de Fest Galicia.
- III. A adxudicación dos correspondentes contratos privados de patrocinio ás entidades promotoras dos festivais adheridos e coas características esenciais que figuran no Anexo IV desta resolución. Os importes destes contratos imputaranse á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.640.1 (código de proxecto 2013 00005) dos orzamentos da Agadic para o ano 2024, na que existe crédito adecuado e suficiente.
- IV. Ordenar que se proceda á preparación e sinatura dos correspondentes contratos privados de patrocinio dentro dos prazos establecidos a tales efectos.

Contra esta resolución, que esgota á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter previo e potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao que se reciba a notificación desta resolución. Se o prefire, pode interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao que se reciba a notificación desta resolución. Estes recursos regúlanse no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa e nos artigos 124 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común .

Notifíquese esta resolución de adxudicación para os efectos do disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Consello Reitor  
PD 24.07.2012  
Jacobo Sutil Nesta  
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI  
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 99 60 77 / 78  
agadic@xunta.gal / [www.industriasculturais.xunta.gal](http://www.industriasculturais.xunta.gal)



## ANEXO I

## SOLICITUDES

Número de Expediente	Entidade Solicitante	NIF	Festival	Categoría de adhesión á marca Fest Galicia
1-2024	DEZASETE GRADOS SL	B94173853	17º Ribeira Sacra	Categoría 1
2-2024	PLAY PLAN CULTURAL, SL.	B94168705	Sonrías Baixas 2024	Categoría 1
3-2024	SINSAL AUDIO, S.L.	B36898369	Sinsal SON Estrella Galicia 2024	Categoría 1
4-2024	PARAMETRO DIGITAL SL	B15728041	ROMPETIÑO JUMP 2024 (GALICIA ROMPE).	Categoría 3
5-2024	RECORDA FEST AIE	V70743091	Recordafest	Categoría 3
6-2024	SWEET NOCTURNA, S.L.	B36998524	UNDERFEST	Categoría 2



**ANEXO II**
**SOLICITUDES ADMITIDAS E ADHERIDAS Á MARCA FEST GALICIA**

<b>Número de Expediente</b>	<b>Entidade Solicitante</b>	<b>NIF</b>	<b>Festival</b>	<b>Categoría de adhesión á marca Fest Galicia</b>
1-2024	DEZASETE GRADOS SL	B94173853	17º Ribeira Sacra	Categoría 1
2-2024	PLAY PLAN CULTURAL, SL.	B94168705	Sonrías Baixas 2024	Categoría 1
3-2024	SINSAL AUDIO, S.L.	B36898369	Sinsal SON Estrella Galicia 2024	Categoría 1
4-2024	PARAMETRO DIGITAL SL	B15728041	ROMPETIÑO JUMP 2024 (GALICIA ROMPE).	Categoría 3
6-2024	SWEET NOCTURNA, S.L.	B36998524	UNDERFEST	Categoría 2



## ANEXO III

## SOLICITUDE NON ADMITIDA

Número de Expediente	Entidade Solicitante	NIF	Festival	Categoría de adhesión á marca Fest Galicia	Motivo de non admisión
5-2024	RECORDA FEST AIE	V70743091	Recordafest	Categoría 3	Punto 4 das bases da convocatoria. Non adhesión a unha edición de Fest Galicia.



**ANEXO IV**
**CONTRATOS PRIVADOS DE PATROCINIO ADXUDICADOS**

<b>Número de expediente</b>	1-2024	2-2024	3-2024	4-2024	6-2024
<b>Entidade adjudicataria</b>	DEZASETE GRADOS SL	PLAY PLAN CULTURAL, SL.	SINSAL AUDIO, S.L.	PARAMETRO DIGITAL SL	SWEET NOCTURNA, S.L.
<b>NIF</b>	B94173853	B94168705	B36898369	B15728041	B36998524
<b>Valor estimado do contrato</b>	57.851,24 €	57.851,24 €	57.851,24 €	16.528,93 €	33.057,85 €
<b>IVE (21%)</b>	12.148,76 €	12.148,76 €	12.148,76 €	3.471,07 €	6.942,15 €
<b>Importe total do patrocinio</b>	70.000,00 €	70.000,00 €	70.000,00 €	20.000,00 €	40.000,00 €
<b>Prazo de Execución</b>	Dende a sinatura do contrato ata o 31.08.2024	Dende a sinatura do contrato ata o 30.09.2024	Dende a sinatura do contrato ata o 31.08.2024	Dende a sinatura do contrato ata o 31.08.2024	Dende a sinatura do contrato ata o 20.10.2024

